


XOSE NEIRA VILAS

MEMORIAS DUN NENO LABREGO



EDICIOS DO CASTRO

No principio
foi o verso

As orixes poéticas de
Memorias dun neno labrego

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

Agradézolle fondamente ao consello de redacción de *Raigame* que me convidase a participar, cunha colaboración, neste novo número da revista, que nesta ocasión -ao igual que en novembro de 2011- se dedica monograficamente á figura de Xosé Neira Vilas (1928-2015). Fun e son devoto lector da obra do prolífico escritor galego, ao que, por outra banda, tratei estreitamente durante moitos anos; pero xusto é que recoñeza as miñas limitacións como especialista na súa obra, ou, cando menos, non tanto como a maior parte dos expertos/as cos que estou a compartir este espazo de papel e tinta. Con todo, non falto á verdade se afirmo que coñezo con bastante detalle a oceánica obra de Neira Vilas, autor polo que me empecei a interesarme moi especialmente, sendo eu aínda moi novo, cando el e máis a súa muller, Anisia Miranda, estableceron o seu lugar de residencia que resultaría definitiva en Gres en 1994, momento no que agroma a miña amizade con eles dous, grazas, en boa medida, á circunstancia da nosa case veciñanza e á afinidade persoal e de contexto social que nos xunguiu para sempre e moi especialmente no seo da Fundación Xosé Neira Vilas que hoxe é custodia da súa memoria e orgullo de todos os que achegamos algo de noso para facela posible.

É sabido que o periplo intelectual de Neira Vilas transcorreu, no fundamental, na emigración, que inicia na Arxentina, en xaneiro de 1949, e continúa en Cuba, dende 1961 ata o seu regreso ao Gres natal.

Foron 45 longos anos “caneando por América” que el dedicou, sen pausa nin descanso, a se formar intelcualmente e máis a erixir o edificio literario que nos admira hoxe a todos nós. Resulta necesario que faga esta mención biográfica -tan coñecida, por outra parte- porque foi, precisamente, en Buenos Aires onde un Neira Vilas aínda mozo habería de atopar as condicións propicias para lle dar alimento á súa natural fame de saber e para emprender unha carreira creativa coa que satisfacer a súa pulsión -igualmente natural- por literaturizar. O resultado sería unha obra de dobre vertente: unha de índole creativa, baseada esencialmente -séndonos un chisco reducionistas- no universo rural galego e na propia experiencia vital; e unha segunda, de natureza ensáistica, na que abordará, a partir das ferramentas que lle achegan o estudo e a erudición, o feito migratorio galego.

Entre as opinións que lin sobre os acertos de *Memorias* e que tentan explicar os porqués do seu éxito continuado no tempo, sempre me gustou a que expuxo o poeta e xornalista galego Lorenzo Varela sobre unha das peculiaridades deste relato: con el inventárase o neno galego na literatura galega.




O periplo creativo do que estou a falar comezaría con bo pé. Un bo día empeza a redactar, nunha mesa da cafetería A Vella Viena de Buenos Aires, unhas follas autobiográficas pero de ton ficcional que llas dá a ler, segundo transcorrían os días e as páxinas, ao camareiro Evencio. O escritor incipiente e algo inseguro que procuraba a opinión do camareiro galego con experiencias vitais semellantes expresaba o proceso, moitos anos despois, deste xeito (Neira 2011: 14):


E nesa teima da palabra escrita, tras dez anos de emigrado e con trinta no corpo, boteime a escribir sobre ti, e contei ao meu xeito a túa vida, a que che tocou vivir alá polos teus doce ou trece anos [...].

O resultado deste feito serán as *Memorias dun neno labrego* (1961), hoxe en día o libro galego máis popular da literatura de noso, do que se venderon máis de 700.000 exemplares e que foi traducido a máis de 18 linguas. Moito se ten escrito sobre as claves que explican a marabillosa aceptación deste fermosísimo libro de relatos. Entre as opinións que lin sobre os acertos de *Memorias* e que tentan explicar os porqués do seu éxito continuado no tempo, sempre me gustou a que expuxo o poeta e xornalista galego Lorenzo Varela sobre unha das peculiaridades deste relato: con el inventárase o neno galego na literatura galega.

Neira Vilas foi o autor tamén dunha nada desdeñable e ben lograda obra poética. Estréase como creador, na década de 1950, non como narrador ou ensaísta, senón coa publicación de poemas soltos en revistas bonaerenses de vea galeguista.



Ata as Memorias dun neno labrego de Neira Vilas, a literatura galega, Galicia, non tiña nenos nin escolas: os homes emigraban e os nenos sempre eran adultos. Eran adultos porque sempre traballaban, non ían á escola e marchaban. Non facían falla mestres. Moitos países inventaron o neno durante o século XIX e os Estados decatáronse de que a escola podía ensinar aos nenos a ser bos cidadáns. Foi para moitos países a era da escola primaria e a educación foi a forza que deu un pulo definitivo ós idiomas nacionais. Pero Galicia non tiña Estado, nin mestres nin nenos. Os nenos traballaban.



dedicación ao estudo e á divulgación do feito galego alén das súas fronteiras, pero a opinión que sobre el sempre paira e se impón, de xeito indefectible, é a de ser o autor de Memorias.

Talvez sexa esta a razón pola que se esqueza con máis frecuencia do admisible que Neira Vilas foi o autor tamén dunha nada desdeñable e ben lograda obra poética. É máis: Neira Vilas estréase como creador, na década de 1950, non como narrador ou ensaísta, senón coa publicación de poemas soltos en revistas bonaerenses de vea galeguista. Este labor callará definitivamente con *Dende lonxe*, un fermoso poemario que edita, en 1960 -polo tanto un ano antes de saír *Memorias*-, na “familiar” editorial Follas Novas, con ilustración marabillosa e inspirada de Luís Seoane na cuberta. Este feito non pasou desapercibido e mesmo chegou a sorprender entre algúns dos seus lectores posteriores e mesmo entre a crítica, se ben resulta atribuíble e atopa doada explicación en causas concretas que, moi acertadamente, apuntou a profesora Dolores Vilavedra (2010: 113):

Ata que chegou Neira Vilas e inventa un rapaz que pensa, un rapaz que quere aprender, que ten vontade de ser persoa, como diría Dieste.

Unha das consecuencias “adversas” do éxito maiúsculo e tan prematuro das aventuras do neno Balbino, o protagonista do relato, foi que ensombreceu, en boa medida, os logros da obra posterior do seu autor. De Neira Vilas apláudense, certamente, as achegas ficcionais posteriores e máis a admirable, rigorosa e oceánica obra ensaística que foi dando á luz como resultado de máis de medio século de

Dende a perspectiva actual, non deixa de resultarnos un chisco sorprendente que un escritor que tan firmemente apostou polas modalidades prosísticas iniciase a súa andaina pública como poeta. Pero a poesía era daquela o xénero áureo das nosas letras, o que subliñaba a filiación rosaliana e a remota xenealoxía do noso discurso literario colectivo. Non era concibible un escritor que non se achegase, aínda que fose de xeito puntual, aos eidos poéticos.



No entanto, alén das imposicións establecidas pola tradición e o discurso imperante naquela altura, o certo é que Neira Vilas nunca, ao longo da súa longa vida, abandonará a creación poética. A aquel auroral *Dende lonxe*, seguiríanlle outros poemarios, entre os que cómpre que destaque aquí o titulado *Dende Gres*, publicado en 2004, polo tanto cando o seu autor xa pasaba dos 75 anos, o que vén a demostrar que a versificación constituía nel, por enriba de modas, tendencias e imposicións imperantes no sistema literario, unha necesidade expresiva.

Dado que aínda está por facer o relato da biografía poética de Neira Vilas, decidín fixar a atención, nesta ocasión, nun capítulo concreto deste relato, que non por anecdótico, nalgunha medida, deixa de posuír certa relevancia. Estoume a referir ás dúas colaboracións poéticas de Neira Vilas na revista *Eufonía* de Buenos Aires, anteriores no tempo á publicación de *Dende lonxe* (1960) e de *Memorias dun neno labrego* (1961). Para dar a coñecer as peculiaridades desta atractiva pero efémera revista que se titulaba “Publicación periódica de circulación intercontinental entre os galegos”, abonda con citar algunhas liñas da presentación que precede á edición facsimilar que realizou, en 2005, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Neira Vilas colaboraría, nos dous únicos números de *Eufonía*, con cadanseu poema. Destaca neles unha evidencia sobre calquera outra: ambos os poemas estaban a adiantar os *topoi* temáticos e a tesitura emocional dunha obra chea de acertos que levaría por nome, pouco despois, *Memorias dun neno labrego*.

No ámbito da prensa galega na emigración e do exilio en Arxentina, é Eufonía (1959-59) unha rareza hemerográfica pola súa vocación sinaladamente poética e polo destacado emprego do galego como canle expresiva das súas páxinas. Cumpre, no entanto, a norma que xa é un tópico nas revista poéticas, a da fugacidade: dous números unicamente constitúen a súa xeira completa.

[...]

Trátase dunha revista de ben marcado acento cultural, moi ricamente ilustrada, pero atenta tamén a cuestións de actualidade e outras de carácter social e económico, societario e histórico. Luís Seoane, García-Sabell, Arturo Cuadrado, Fole, R. Piñeiro, Alberto Vilanova, Pura Vázquez, Luís Manteiga, Fernández del Riego, Ramón de Valenzuela ou E. Blanco-Amor son parte da ampla nómina de colaboradores desta revista que quixo reivindicar o traballo, as iniciativas e as metas logradas polos emigrantes galegos na Arxentina, e tamén informar das súas inxerencias e realizacións culturais.

Neira Vilas colaboraría, nos dous únicos números de *Eufonía*, con cadanseu poema. Trátase das composicións “Romance do neno desterrado” (nº 1, setembro de 1958) e “Romance da leira enxeitada” (nº 2, setembro de 1959).

Destaca neles unha evidencia sobre calquera outra: ambos os poemas estaban a adiantar os *topoi* temáticos e a tesitura emocional dunha obra chea



de acertos que levaría por nome, pouco despois, *Memorias dun neno labrego*. Non sería aventurado afirmar, polo tanto, que ao escritor de Gres, emigrado con fondas lembranzas do Val da Ulla e as formas de vida que tan profundamente coñeceu e compartiu.

Non parece aventurado polo tanto afirmar que xa por aqueles anos, lle andase a dar voltas na cabeza un proxecto novelístico que servise de vía de expresión daquel personaxe colectivo -e de si mesmo- que viña a ser o emigrante que está a sufrir o alleamento propio de quen vive afastado, por necesidade, do terreo amado no que transcorrera a súa infancia. Poderíamos afirmar logo que o “nacemento” de Balbino se produce efectivamente o 5 de xaneiro de 1961 cando sae do prelo un dos máis fermosos agasallos que no día de Reis recibiron para sempre nenas e nenos de Galicia. Mais a idea de Balbino rondaba polo maxín de Neira dende anos antes - polo menos antes do 1958 -, probablemente dende o propio momento no que embarca en Cádiz camiño dunha vida nova e entra de cheo na súa etapa adulta en terras arxentinas onde empeza a escribir poesía.

Ata onde eu sei, Neira Vilas só recuperaría un destes poemas en publicacións moi posteriores. Sería en *Poesía recadada* (1994), onde, con pequenas modificacións formais, recolle novamente “Romance do neno desterrado” baixo o título de “Romance do neno trasterrado”.

BIBLIOGRAFÍA

- Eufonía (Rimas y glosas de la poesía gallega)* [Buenos Aires, 1958-1959] (2005): edición de Luís Alonso Gírgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Longhini, Nora (2008): *Neira Vilas. Os anos da Arxentina (1949-1961). Textos recuperados*, Galaxia, Vigo.
- Neira Vilas, Xosé (2011): “Carta a Balbino”, *Querido Balbino: 1961-2011. Cincuenta anos de 'Memorias dun neno labrego'*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Vilavedra, Dolores (2010): “Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas. A sintonía de dúas traxectorias literarias”, *Grial* 187.



ANEXOS

Pareñidade da raza pola atracción telúrica da Terra:

Romance do nenho desterrado

Por Xosé Neira Vilas

Bós Aires, 1958
Xosé Neira Vilas, director de "Fol-
llas Novas": Feira do libro galego

Con paso maino camiña
sobor da terra emprestada,
mentras un ventíño esburo,
sin recendos nin foliadas,
entrecolla os seus cabelos
e pónlle xeo nas facianas.

Por riba un ceo que vixila
sua inxel pelengriñanza,
e por baixo un chan espido
a xogarlle coas pegadas.
Todo novo, todo estrano,
todo tan grande que aglaia,
i á vez tan estreito e curto
que o seu espírito esmaga.

No corgo azul dos seus ollos
batuxan lenes lembranzas,
e choutan no seu maxin
coma lóntregas as ansias
de desandar o que andivo,
de afoegar a mala fada,
de trocar a nova terra
pola terra que deixara.

¡Ai, o mar arripiante
voltouse panterno e gávia!...

¡Cántos matinados soños,
cántas ilusiós tronzadas!
¡Cántas raiceiras novas
ó trasprantarse secaran!

As estradas que lle deron
pra ista nova e longa andaina,
non canxan no seu esprito,
nin na retina lle canxan
cos carreiros e congostras
da lonxana e verde patria.
Téñ dentro de sí o grilleo
de píníanos e de gaitas,
imaxes de un sol que brinca
ledo e souril na montana,
i o balbordo mol de un río
coa muiñeira das augas.

Un destiño de estranxeiro
o seu destiño azulaga.
Un destiño de saudades
a sementar desespranzas
na icalma enxebre do nenho
que abrollará en novas bágoas.
¡Ai, cándó será o retorno
ó chán que alén mar o agarda!



¡Cal fican os nosos herdos pola lacra emigradoira!

Romance da leira enxeitada

Por
Xosé Neira Vilas

Hai un anaco de terra
no lombo baixal do agro,
que tén silvas e codesos,
fiuncho e musgo amaiado.
Semella unha insua de monte;
un fero tarrón de mato,
que agarda a bourada rexa
do legón ou do machado.

¿Onde está quén noutros tempos
con acelmoso degaro
puxo fe nas túas entranas?
¿A onde foi o nobre arado
que rachou perante séculos
o teu coiro estarrigado?

¡Lonxe están as máns seréas
qué teus regos sementaron!...
Foron polo mundo adiante;
prás Américas marcharon,
pois disque alá locen máis
os arrizos do traballo.

A leira botada a monte
arrólase en mol chumazo
i en páipebras vexetaes
pousa súas bágoas de orballo,
pola anguria soedosa
do seu malhadado fado.

Os vermes que rebuliscan
entre as herbas sulagadas,
i as volvoretas que choutan
espargallando o pulazo,
son libres donos da leira
—insua marela de mato—
que dúas almas viaxeiras
polo mar Atlán trocaron.

Dá noxo ollar dende lonxe
a bouza que luxa o agro...
¡Dá mágoa ver que o Tarrón
onde un nace sea tan chado!

Bós Aires, 1959.

A colectividade galega honra un dos seus poetas: Unha Comisión de Honra está situando xa pra ofrecer en magno acontecemento o ben ganado galardón de patrio recoñecemento, ó poeta lugués, Avelino Díaz. Cídadán, ti que coñeces a súa rendedora xeira, non deixes de sumarte.